

## **ANÁLISE ACTUAL- MAPA DE TITULACIÓN ADESTRADORES**

O motivo do presente escrito informativo é transmitir aos adestradores galegos a situación actual, a día de hoxe, do mapa de titulación en base ás reunións e acordos acadados entre o Consello Superior de Deportes e a Federación Española de Baloncesto nos últimos meses.

Como consecuencia de devandito traballo conxunto, con data 30/10/2015 foi aprobado o Real Decreto que regula o título de TECNICO DEPORTIVO EN BALONCESTO para todo o territorio nacional, incluíndoa nos ensinamentos deportivos de Grado Medio, e pola que se poderán realizar todos os cursos de adestradores de forma oficial. En base a dita regulación, a máxima titulación, que se denominará TECNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN BALONCESTO, obterase, salvo situación extraordinaria, por VÍA ACADÉMICA a partir de 2018. A partir desa data, todos os adestradores que desexen acceder a dita titulación só poderán facelo estando en posesión do nivel 2 académico (TECNICO DEPORTIVO DE GRADO MEDIO).

Ata ese momento, e no verán de 2016 e 2017 (presente e próxima tempada), manterase a posibilidade de obter o título de Adestrador Superior por vía FEDERATIVA (CES), tal e como sucedeu ata agora. Isto permite a quen comece a obter as distintas titulacións por esa vía, poder concluír devandito traxecto.

A Escola de Adestradores da Federación Galega mantén por tanto para a tempada presente a realización dos cursos segundo o formato federativo utilizado nos últimos anos, e para a próxima (16/17) tratará de facer compatible devandito formato coa implantación do Ciclo

Inicial de Grado Medio. Nese sentido, a propia Federación Galega iniciou os trámites oportunos para converterse en centro oficial de formación para as novas titulacións.

A nova regulación non afecta á realización dos Cursos de Iniciación - Nivel 0, que se continuarán convocando e realizando periodicamente como ata agora por parte desta Federación.

Esta é a folia de ruta prevista e a ofertar a todos os interesados desde a área de Adestradores da Federación Galega ata o ano 2018:

DATA	CURSO	FORMATO	LUGAR
<b>Xullo 2016</b>	NIVEL 1- NIVEL 2	VIA FEDERATIVA	SANTIAGO
<b>Xullo 2016</b>	CURSO SUPERIOR	VIA FEDERATIVA	ZARAGOZA
<b>Novembro 2016</b> <b>(en proxecto)</b>	CICLO INICIAL- GRAO MEDIO	VÍA ACADÉMICA	SANTIAGO
<b>Decembro 2016/ Xaneiro 2017</b>	NIVEL 2	VIA FEDERATIVA	SANTIAGO
<b>Xullo 2017</b>	CURSO SUPERIOR  *Previsiblemente, último a realizar.	VIA FEDERATIVA	Por designar
<b>Outubro 2017 (en proxecto)</b>	CICLO FINAL- GRAO MEDIO	VIA ACADÉMICA	SANTIAGO
<b>Outubro 2018 (en proxecto)</b>	CICLO GRAO SUPERIOR	VIA ACADÉMICA	SANTIAGO